

FRENCH CANCAN

Jean Renoir, 1955

1502

ESTREA EN NUMAX: 15.04.2025 | V.O.S.E. | 102 min

Monsieur Danglard contrata a Nini, unha rapaza que traballa nunha lavandaría, xunto a outras mozas para que se unan á súa compañía de teatro. Danglard ten previsto un cabaret en París, o Moulin Rouge, onde a grande atracción será o cancan. A pesar de que ten mozo, Nini é seducida por Danglard, pero o seu principal admirador é o príncipe Alexandre.

«French Cancan supón o regreso de Renoir ás súas orixes e a máis bela homenaxe á tumba de seu pai, Auguste Renoir»

André Bazin



A vocación polo espectáculo

Por Israel Paredes Badía

French Cancan foi un éxito de público aínda que a crítica, en xeral, dividiuse ante ela. Como sinalara Éric Rohmer, aqueles fervorosos de Renoir que se deleitaran coa excelencia d'*A carroza de ouro*, ficaron decepcionados “posto que recuperaba, simplificándoo en extremo, un dos temas do anterior filme: a vocación polo espectáculo”. *French Cancan* supón, desde un determinado punto de vista, unha continuación co anterior, porén, Renoir non repetiu nin o esquema estrutural nin narrativo, tan só, e relativamente, o tema de fondo que alimenta ambas propostas e a figura dunha protagonista feminina como eixo condutor da acción.

Se *A carroza de ouro* era unha sorte de homenaxe á *comedia dell'arte*, isto é, o teatro en canto a espectáculo de grande altura, *French Cancan* adéntrase no nacemento do famoso Moulin Rouge e na figura do seu fundador aínda que, iso si, a través dunha libre ficción que Renoir escribiu a partir dunha idea de André-Paul Antoine. Deste xeito, o cineasta abandona a arte de *qualité* para falar do espectáculo a través do baile popular. O can can, que reviviría grazas ao Moulin Rouge, era un baile relagado aos barrios marxinais e os baixos fondos; ao inicio do filme asistimos a unhas representacións teatrais para a burguesía; así, en secuencias seguintes, vemos os personaxes dirixirse ás cantinas de Montmartre, onde Henri Danglard descubrirá como este baile pervive. Desta maneira, desde o inicio, Renoir apunta a unha unificación de clase a través dun elemento popular: Danglard como empresario artístico, chega á conclusión de que é posible rescatar do esquecemento o can can e traslado ás salas para deleite da burguesía.

O espectáculo por tanto, é aquilo que interesa a Renoir independentemente de cal sexa a forma representacional. Podería dicirse que, aínda que os dous filmes nacen de maneira distante e sen relación entre eles, Renoir emprégao para adentrarse no interior dos personaxes, neste caso, de quen traballa para algún tipo de forma de representación, xa sexa o teatro, xa sexa o baile de salón popular e de variedades. Esta relación tan clara e directa entre baixa e alta cultura, ou ben, a falla de intención por parte de Renoir de separar unha e outra e a utilización de ambas con similares obxectivos, foron a causa de certa reacción hostil cara ao filme.

Porén, o propio Renoir declarou que aceptara o ofrecemento de realizar o filme ao obedecer “a un gran desexo de facer unha película baixo un espírito moi francés, o cal deba permitir un sinxelo e convinte contacto entre min mesmo e o público”. Por tanto, o propio cineasta tiña claro que *French Cancan* había ser un achegamento a un baile -popularizado para a posteridade a través da arte pictórica, a literatura e a mitoloxía romántica creada ao seu redor- tan próximo ao francés de a pé que podía ser o vehículo perfecto para adentrarse na súa esencia. Por outra banda, xa na década de 1920, Renoir pensara na posibilidade de realizar unha ópera cinematográfica, porén, nunca encontrara o xeito de facela. En *French Cancan*, aínda que non o lograra na súa totalidade, si que se resarcíu até certo punto ao rodar un filme que sen chegar a ser unha ópera si que presenta certos elementos análogos.

Publicado no libreto que acompaña a edición en DVD de Versus Entertainment do filme.